



Oficina de Cooperación  
e Voluntariado

# MEMORIA DE ACTIVIDADES 2023

# OCV

## OFICINA DE COOPERACIÓN E VOLUNTARIADO

Vicerreitoría de Internacionalización  
e Cooperación

## A CORUÑA

Facultade de Socioloxía, 1.º  
Campus de Elviña  
15071 A Coruña  
Tel. 981 167 000  
[www.udc.gal/ocv](http://www.udc.gal/ocv)

Director  
J. Jesús Cendán Verdes  
Extensión: 1334  
[jesus.cendan.verdes@udc.gal](mailto:jesus.cendan.verdes@udc.gal)

Persoal técnico  
Lorena Rilo Pérez  
Extensión: 1752  
[ocv@udc.gal](mailto:ocv@udc.gal)

---

## FERROL

Centro Cultural Universitario,  
1.º Campus de Esteiro  
15403 Ferrol

Persoal técnico  
Vanessa Míguez Martín  
Extensión: 3677  
[ocvfer@udc.gal](mailto:ocvfer@udc.gal)

---

*Documento redactado por  
Lorena Rilo Pérez e  
Sofía Crespo Bailéz*

*Maquetada por  
María Isabel López Amor*

# 01

## INTRODUCCIÓN

# 02

## COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO

*Accións de educación para o desenvolvemento, a sensibilización e a participación social (EPD)*

*Proxectos de coñecemento da cooperación para o desenvolvemento (PCC)*

*Proxectos de coñecemento da realidade (PCR)*

*Bolsas para persoas refuxiadas (Abriga UDC)*

*Actividades coas ONG de desenvolvemento*

# 03

## VOLUNTARIADO

*Menores*

*Exclusión social*

*Inmigración/refuxio*

*Ámbito sociosanitario*

*Diversidade funcional*

*Educación para o desenvolvemento*

*Actividades con outras entidades de acción social*

*Colaboracións no seo da Universidade da Coruña*

# 04

## APRENDIZAXE E SERVIZO

# 05

## FORMACIÓN

*Asistentes a cursos de formación no ano 2023*

*Outras actividades formativas e de sensibilización*

*Participación en redes*

*Sinerxías con outras universidades*

*Comunicación*

## 0

# INTRODUCCIÓN

## 1

A Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV) é un servizo universitario que canaliza as demandas de participación e solidariedade na busca do ben común local e global por parte da comunidade universitaria, alén da cidadanía, na área de influencia da Universidade da Coruña (UDC). Con este fin potencia, xestiona e coordina os activos e recursos solidarios da UDC. Así mesmo, ofrece espazos de participación, experiencias de solidariedade e actividades de compromiso social que complementan a misión da UDC como entidade de educación superior, centrada na formación integral da persoa e na construción dunha cidadanía local e global activa e crítica, ao servizo dos valores e principios democráticos e do desenvolvemento humano sustentable.

A OCV depende da Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación e ten cadansúa oficina nos campus da Coruña (Elviña) e Ferrol (Esteiro). Durante 2023 contou cos seguintes recursos humanos: dúas técnicas especialistas nas oficinas de Coruña e Ferrol, ademais do director do servizo. O equipo complementouse coa chegada de alumnado bolseiro e alumnado en prácticas do grao en Educación Social no campus da Coruña.

# 0

# COOPERACIÓN PARA O

# 2

# DESENVOLVEMENTO

Enténdese a cooperación para o desenvolvemento da universidade como un conxunto de actividades realizadas pola comunidade universitaria orientadas á transformación social nos países máis pobres, a prol da paz, a igualdade, o desenvolvemento humano e a sustentabilidade ambiental no mundo, transformación en que o fortalecemento institucional e académico ten un papel importante.

*Código de conduta das universidades en cooperación para o desenvolvemento, 2006*

En 2023 viron a luz a IX Convocatoria do programa de accións de educación para o desenvolvemento, a sensibilización e a participación social, destinadas ao conxunto da comunidade universitaria da UDC, e a III Convocatoria de premios para os mellores TFG e TFM en materia de cooperación e EPD. Por outra banda, tamén publicamos a XVI Convocatoria de proxectos de coñecemento da realidade (PCR) e a XI Convocatoria de proxectos de coñecemento da cooperación para o desenvolvemento (PCC).

Así mesmo, seguimos a recompilar os datos para a enquisa sobre o apoio oficial total para o desenvolvemento sustentable (TOSSD) que lle remitimos anualmente ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación; e asinamos un novo *Convenio entre a Vicepresidencia segunda e a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia e as universidades do SUG, para o proxecto de consolidación do I Plan estratéxico da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento 2021-2030 e consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible*, que veremos máis polo miúdo no apartado específico dedicado á RGCUD.

## ACCIÓNS DE EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO, A SENSIBILIZACIÓN E A PARTICIPACIÓN SOCIAL (EPD)

Publicouse a X Convocatoria de accións de educación para o desenvolvemento, a sensibilización e a participación social (EPD), co obxectivo de apoiarmos aquelas actividades desenvolvidas pola comunidade universitaria á procura de lles dar pulo aos valores da cidadanía global, á procura dun novo modelo humano comprometido cos ODS, a erradicación da pobreza e a igualdade de xénero, entre outros fins.

Na edición de 2023 presentouse un total de catro proxectos, en que unicamente tivo representación o PDI da universidade. A seguir, facemos unha relación dos resumos destes catro proxectos.

### Jakson Renner Rodrigues Soares e Rosa María Mariz Pérez

*Profesor axudante doutor e profesora contratada doutora da Facultade de Turismo*

*Turismo para todas as persoas*

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**OBRADOIRO**

**TURISMO PARA TODAS AS PERSOAS**

Mellorando o ocio de persoas con diversidade funcional

Día 18 de abril  
16:00 ás 20:00 h.  
Aula 1.4  
Facultade de Turismo

Sistemas alternativos de comunicación  
Paula García Álvarez  
16:00 ás 18:00 h.

Deseño de visitas guiadas diversas  
Raquel Santiago Romo  
18:00 ás 20:00 h.

GIDTur  
Oficina de Cooperación e Voluntariado Universidade da Coruña

Proxecto de ApS financiado pola X Convocatoria de Accions de Educacion para o Desenvolvemento, Sensibilización e Participación Social da Oficina de Cooperación e Voluntariado Universidade da Coruña.

Jakson Renner Rodrigues Soares - Rosa María Mariz Pérez

A proposta que presentaron materializouse nunha conferencia, unha mesa redonda e un taller práctico de 12 h de duración en que participaron preto de 60 alumnos e alumnas.

Ademais disto, instalouse unha exposición no Centro Cultural Universitario do campus de Ferrol que estivo aberta ao público entre o 24 de outubro e o 12 de novembro, con traballos do alumnado do grao en Xestión Industrial da Moda, así como produtos elaborados durante a realización do obradoiro.

# María Barba Núñez

*Profesora axudante doutora da Facultade de Ciencias da Educación*

*Educación emocional como base para a sensibilización social no ámbito universitario*

Neste caso, púxose en marcha un obradoiro sobre educación emocional para o voluntariado aberto a toda a comunidade universitaria. Ademais, realizouse unha exposición con fotografías tomadas no proxecto que a ONGD Shantidi ten na India e en que María Barba colabora. O taller tivo lugar na Facultade de Ciencias da Educación e nel participaron algo máis de 30 persoas. Foi o foro escollido por unha das PCR 2022 para expoñer a súa experiencia no terreo.



*Retos profesionais no ámbito social. É tempo de respostas!*

**Retos profesionais no ámbito social**  
É tempo de respostas!

Xoves 25 de maio. De 9:00 a 14:00  
Salón de Graos. Facultade de Ciencias da Educación

**Inscríbete!**



**COMUNIDADE, FAMILIA E INCLUSIÓN SOCIAL**  
Emaús, POIG e Accem

**SAÚDE, CIDADOS E PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA**  
FADEMGA, FEAFES e Activiza!

**PROMOCIÓN CULTURAL E SUSTENTABILIDADE**  
CGONGDs, Rede do Rural e Servizo de cultura do Concello Rianxo.

UNIVERSIDADE DA CORUÑA  
X Convocatoria de Accións de EpD, Sensibilización e Participación Social da OCV

O proxecto presentado serviu para darlle apoio a unha xornada de divulgación que tivo lugar baixo o lema “Próteses de baixo custo e dispositivos intercambiabes para persoas en situación de vulnerabilidade”, da iniciativa Gekkolab, en que a PDI está a participar. O proxecto foi presentado en distintos centros dos campus da UDC.

# Laura Oso Casas

*Catedrática de universidade da Facultade de Socioloxía*

*Visións da migración e o desenvolvemento local en contextos europeos non urbanos*

Presentou un proxecto que incluíu diversas actividades, entre elas unha exposición itinerante con visitas guiadas que estivo nos campus da Coruña e Ferrol. Ademais, tamén houbo unha mesa redonda na Facultade de Socioloxía.



## PROXECTOS DE COÑECEMENTO DA COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO (PCC)

No ano 2023 publicouse a XI Convocatoria de proxectos de coñecemento da cooperación para o desenvolvemento (PCC), destinada ao PDI e PTXAS da UDC. A convocatoria estivo dotada con 7000 € e presentáronse a ela dous membros do PDI.

**Jakson Renner Rodrigues Soares**, profesor axudante doutor da Facultade de Turismo, participou nun proxecto coa Universidade Estatal Península de Santa Elena (UPSE).

A ausencia de planificación e unha xestión que non contribúa ao desenvolvemento das actividades produtivas turísticas limita os destinos ao desenvolvemento de actividades que fan que os e as visitantes flutúen. Na actualidade, a provincia de Santa Elena carece dun inventario turístico das súas comunidades, o que impide coñecer as potencialidades naturais e culturais de cada unha delas. Por isto, a UPSE creou un proxecto de prácticas preprofesionais e actividades nos campos de especialidade do estudiantado das carreiras de turismo, que xa se botou a andar o curso anterior, no marco do cal o persoal docente e o alumnado ofrecen os servizos de consultoría de cara á reactivación do turismo na provincia de Santa Elena.

**María Obdulia Luis Gamallo**, profesora contratada doutora da Facultade de Filoloxía.

O seu proxecto titúlase «Apoderamento de nenas e mulleres en Casamance (Senegal)» e botouse a andar coa colaboración da ONG española Adventure Volunteer. Ten como obxectivo principal achegarlle á poboación feminina da aldea de Djikesse a educación e as ferramentas básicas que lle permitan emanciparse. Dito doutro xeito, trátase de lles prestar apoio a nenas, adolescentes e mulleres no seu día a día con vistas a contribuír a mellorar as súas habilidades e a que adquiran coñecementos que poidan facilitarlles un futuro mellor.



As mulleres da aldea Djikesse son na súa maioría analfabetas e isto dificulta que se conduzan de xeito autónomo. Por iso, o proxecto inclúe obradoiros didácticos. Pola súa vez, co Xardín das Mulleres, horta onde traballan nenos, nais e avoas, creouse unha cooperativa que vende o que produce no mercado de Bignona e que constitúe o sustento de moitas familias. Por último, organizouse un obradoiro de costura en que se manufacturan bolsas pequenas e portabocadillos, produtos que se levan despois a España e que se venden en mercados solidarios en beneficio das mulleres de Djikesse.

## PROXECTOS DE COÑECEMENTO DA REALIDADE (PCR)

Os proxectos de coñecemento da realidade (PCR) son unha iniciativa que ofrece ao alumnado da UDC que colabora con ONGD a posibilidade de se desprazar a un país en vías de desenvolvemento para realizar unha estadía de cooperación dun a tres meses. O traballo que se desenvolve pode ser validado por proxectos de fin de carreira, proxectos de fin de mestrado, prácticas de materias ou traballos obrigatorios de fin de carreira. Alén disto, participar nun PCR é unha importante ferramenta de sensibilización sobre a temática que se escolle, tanto para o propio alumnado beneficiario como para a sociedade en xeral, xa que, logo de regresar, o alumnado se compromete a participar en charlas para dar a coñecer o aprendido na experiencia.

En 2023 publicouse a XVI Convocatoria de proxectos de coñecemento da realidade en programas de cooperación para o desenvolvemento, dotada con 14 100 € para financiar os gastos da viaxe ao país de destino e o correspondente seguro, así como os de xestión e coordinación da actividade (protocolo, difusión etc.). Este ano escolléronse os cinco proxectos de que falamos a seguir.

**Tatiana Saénz Romero** e **Nayla Flores Hussain**, estudantes do Máster Universitario en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria, viaxaron a Honduras co proxecto Coresan, da ONG Solidariedade Internacional de Galicia. A finalidade do devandito proxecto é impulsar as formas de vida resilientes para contribuír ao benestar de 25 comunidades rurais a través do enfoque da saúde integral e a seguridade alimentaria e nutricional, con perspectiva de xénero.

**Begoña Toja Gegúndez**, tamén alumna do Máster Universitario en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria, foi a México coa entidade Hospitalidad y Solidaridad AC. O seu proxecto está orientado á axuda humanitaria e persegue unha atención integral, á busca de xerar un espazo en que persoas refuxiadas, solicitantes de asilo con protección complementaria e apátridas se sintan acollidas e poidan ser acompañadas nos seus procesos de inserción, con atención médica e orientación legal, amais de hospedaxe e alimentación.

**Cecilia López Prego**, estudante do Máster Universitario en Arquitectura da Paisaxe, coñeceu a comunidade Mam Cajolá, no municipio de Champerico, Guatemala, de recente asentamento e composta por 267 familias indíxenas, na súa maioría mulleres solteiras e viúvas. Con Arquitectura sen Fronteiras, traballou sobre a calidade do hábitat desta comunidade con base na realidade próxima da cidadanía, a diferentes escalas, desde a da moblaxe, pasando pola das propias vivendas, até a urbana da veciñanza ou do barrio.

**Eva Pérez Pérez**, alumna do grao en Terapia Ocupacional, desprazouse a Cabo Verde coa Asociación Colmeia, cuxo obxectivo é ofrecer servizos de rehabilitación e apoio ás crianzas con discapacidade nun centro do país africano. Este é un proxecto de intervención directa coas persoas usuarias e as súas familias, que tamén son asesoradas, para mellorar a súa autonomía e calidade de vida. Así mesmo, trabállase na creación de produtos de apoio de baixo custo.

**Julia González Méndez**, estudante do Programa de Simultaneidade do grao en ADE e o grao en Dereito, viaxou con Trust for Youth and Child Leadership (TYCL) ao municipio de Pondicherry, India. Alí colaborou co equipo de administración, xestión e dirección da devandita entidade para poñer en práctica os coñecementos e as habilidades que adquiriu durante a súa formación académica, tanto na área da administración como na área do dereito.

## BOLSAS PARA PERSOAS REFUXIADAS (ABRIGA UDC)

A UDC adheriuse ao programa Rapid Response Mechanism for Higher Education in Emergencies, da Organización das Nacións Unidas, para lles facilitar a realización de estudos universitarios ás e aos solicitantes de protección internacional. No ano 2019 asinouse un convenio de colaboración coa Cruz Vermella Española para a preselección de quen que puidese cumprir os requisitos e desexase continuar os seus estudos na UDC, e, a partir dese ano, fóronse sumando novas entidades a esta iniciativa: dun lado, establecéronse novos convenios, entre outras, coas ONG Ecos do Sur, Mestura, Ecodesarrollo Gaia OU Aliad Ultra; e, do outro, diversos concellos de Galicia nos remitiron as súas propostas a través das traballadoras sociais.

En 2023 publicouse a II Convocatoria de axudas a estudiantado refuxiado ou solicitante de protección internacional (Abriga UDC), que beneficiou a dez alumnos/as de diferentes titulacións oficiais da UDC. Na convocatoria deste ano, engadíronse dous novos itinerarios, un deles destinado ás persoas de países que reciben axuda oficial para o desenvolvemento, do cal se beneficiaron tres estudantes. Así mesmo, ofrecéronse axudas para material, que se lle concederon a sete das persoas solicitantes; tres delas tamén obtiveron aloxamento na residencia universitaria.

## ACTIVIDADES COAS ONG DE DESENVOLVEMENTO

Unha das prioridades da Área de Cooperación para o Desenvolvemento da OCV é a de colaborar coas distintas ONGD tanto da provincia da Coruña como de Galicia, en xeral, así como con outros axentes da cooperación galega, na busca de sinerxías que permitan unha cooperación máis efectiva e de calidade. A devandita colaboración atinxe a realización de actividades conxuntas; labores de sensibilización e de EPD a través da organización de xornadas, charlas, obradoiros, seminarios e exposicións; e a difusión das diferentes actividades que desenvolven estas organizacións a través das nosas redes e contactos. Este interese da OCV polo traballo conxunto coas ONGD amplíase coas nosas colaboracións con outras entidades de acción social, que recolleamos a continuación.

## Coordinadora Galega de ONGD

No ano 2023 continuáronse as tarefas de difusión e intercambio de información entre as dúas entidades. Así, publicáronse na nosa web as recomendacións á poboación da Coordinadora para canalizar e facer máis eficientes as súas accións solidarias no tocante ao conflito bélico que estalou entre Rusia e Ucraína.

De igual xeito, a OCV adheriuse ao proxecto Defensoras de dereitos, que consistirá en traer a Galicia mulleres defensoras dos dereitos humanos e que estean nunha situación de perigo de risco medio ou baixo para brindarlles un tempo de acougo e poder sensibilizar a cidadanía galega co seu traballo.

## Solidariedade Internacional Galicia

Colaboramos coa dita ONGD na organización de charlas de sensibilización co colectivo Mulleres Creando, amais de participar no proxecto de observatorio para educar na cidadanía global O Globo, a achegar a experiencia do noso grupo de voluntariado en sensibilización. Así mesmo, intervimos en varias formacións sobre cidadanía global.

## Ecos do Sur

Como vimos de mencionar, a OCV está a colaborar coa ONGD Ecos do Sur na preselección de candidatos/as ás bolsas de estudos para persoas refuxiadas da UDCV, polo que cando menos temos unha reunión ao longo do curso académico. Alén disto, a súa técnica de comunicación colaborou connosco no curso que se imparte para prepara os PCR.

## Enxeñaría sen Fronteiras Galicia (ESF)

A ONGD cedeunos a exposición que leva por título «Outras realidades: Centroamérica desde Galicia», que puido visitarse no mes de febreiro no Centro Cultural Universitario do campus de Ferrol, con motivo da celebración do Día Mundial da Xustiza Social (20 de febreiro).

Ademais disto, durante todo o ano 2023, estivemos a participar no proxecto de ESF en colaboración con Artigo9tech «Tecnoloxía ao servizo do ben común, da cidadanía global e da inclusión nas escolas técnicas da universidade galega», financiado pola cooperación galega.

O 6 de abril produciuse o encontro Mulleres Bravas. Muller, Terra, Territorio na Facultade de Ciencias da Educación da UDC, en que participou tamén o Sindicato Labrego e interviñeron as hondureñas Coralia Argentina Turcios, líder comunitaria e garda de recursos voluntaria no mangleiro da Baía de Chismuyo; Yeni Karina Aguilar, activista contra o megaproxecto fotovoltaico que ameaza o municipio de Namasigüe, e Adolfinia Contreras, presidenta do Comité de Crédito para o Desenvolvemento Económico local e defensora de bens comúns en San Jorge.

# 0 VOLUNTARIADO

3  
Acción voluntaria realizada por persoas físicas como resultado da súa participación social organizada no desenvolvemento de actividades de interese xeral a través de entidades de acción voluntaria, sempre que se trate dunha decisión libremente adoptada e non traia causa dunha obriga ou dun deber xurídico; que se execute fóra do ámbito laboral, profesional, funcionarial ou mercantil ou de calquera outro tipo de relación retribuída; que a acción voluntaria se leve a cabo sen contraprestación económica, sen prexuízo do dereito ao reembolso dos gastos que esta acción poida ocasionar ou dos recoñecementos que correspondan; que se leve a efecto en función de programas concretos, que sexan promovidos por calquera das entidades de acción voluntaria ou polas administracións públicas de Galicia.

Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria de Galicia

Durante 2023, os programas de voluntariado propios da OCV ou en que esta oficina participou xunto con outras entidades recuperaron os niveis de participación de alumnas e alumnos da UDC de anos anteriores. Doutro lado, puxéronse en marcha novas iniciativas, como o proxecto Lexcit, en que se colabora coa Fundación Educo.

## MENORES

### Centro de Acollida de Menores de Bañobre

O obxectivo deste proxecto xa continuado é buscar o tratamento individual e igualitario das e dos 35 menores que viven no centro de acollida, a través de actividades lúdicas. Ademais, desde hai un tempo, o centro conta cunha educadora as fins de semana, que colabora tamén nas saídas. En 2023 colaboramos con catro persoas voluntarias, cada unha nun dos pisos, para poder crear unha burbulla controlada no caso de que xurdise calquera contaxio.

### Acción Solidaria de Galicia (Asdegal)

O voluntariado universitario continuou a botar unha man nas actividades que Asdegal organiza para ofrecer apoio socioeducativo a menores de primaria, secundaria e bacharelato cuxas familias se atopan en risco de exclusión social.

## Asociación Baltasar Parda

Neste ano, o voluntariado da OCV participou nas aulas de estudo, no apoio educativo e as merendas para menores e adolescentes en situación de risco de exclusión social da zona de Monte Alto.

## Fundación Amigó

A Fundación Amigó contribúe á transformación social e individual das persoas excluídas e vulnerables. Actúa principalmente coa infancia e a xuventude en situación de dificultade e coas súas familias, e defende os dereitos humanos e da infancia, traballando a través da intervención socioeducativa e psicosocial. O estudiantado da UDC colaborou nos proxectos da aula de estudo e o apoio educativo para menores e adolescentes.

## Fundación Amigonianos

A Fundación Amigonianos fai intervención socioeducativa centrada na persoa no barrio do Portiño, con menores en risco de exclusión social e con mulleres, principalmente de etnia xitana. Neste eido, o estudiantado da UDC participou nos proxectos da aula de estudo e o apoio educativo para menores, así como no proxecto de competencias chave para mulleres xitanas.

## Proxecto Lexcit de EDUCO

A Fundación EDUCO é unha ONG de cooperación global para o desenvolvemento e a acción humanitaria. Actúa en favor dos dereitos da infancia, en especial do dereito de nenas e nenos a recibir unha educación de calidade.

O voluntariado da OCV colabora no programa Lexcit de EDUCO, que ten como obxectivo alentar o éxito educativo a través da mellora da comprensión lectora. O reto deste programa é garantir que o alumnado finalice a educación primaria cun nivel de competencia lectora que asegure o seu desenvolvemento educativo e social.

## Aula Intercultural de Apoio Escolar a Menores

Démoslles apoio escolar a menores inmigrantes procedentes do Centro de Menores Ferrol I. Por unha banda, para lles ofrecer un reforzo nos estudos de formación profesional que algúns realizan; e, pola outra, con vistas a conseguiren un mellor manexo das linguas castelá e galega. Así mesmo, para complementar este apoio e favorecer a inclusión social dos menores, lévanse a cabo actuacións puntuais, tales como as saídas culturais pola cidade de Ferrol.

## Sesi3ns de contacontos «Contámosche a diversidade» no Campus Industrial de Ferrol



Sesi3ns de contacontos á volta do respecto polas diversidades e a promoción da interculturalidade, a equidade, a igualdade de xénero ou a loita contra as desigualdades.

## EXCLUSIÓN SOCIAL

### Centro Penitenciario de Teixeira

A finais do ano pasado puxemos en marcha unha nova liña de colaboración co Centro Penitenciario de Teixeira, que nos levou a organizar un grupo de voluntariado para darlles apoio escolar aos reclusos en varias quendas semanais ata o mes de xuño. Durante os meses de xullo e agosto botamos a andar distintos obradoiros formativos, entre eles un de xadrez que se estendeu ao longo de catro meses. Por outra banda, o 13 de decembro asistimos á xuntanza do Consello Social da prisión, onde coincidimos con moitas das outras entidades e ONG que traballan no seu seo.

## INMIGRACIÓN/REFUXIO

### Aulas de español para persoas estranxeiras

Dous días á semana, ofréceselles un reforzo en lingua castelá ás persoas estranxeiras que queren mellorar as súas competencias lingüísticas con vistas a favorecer a súa inclusión social ou mesmo intensificar a preparación necesaria para obter a nacionalidade española. Este proxecto, que se leva a cabo no Edificio de Apoio ao Estudo no campus de Ferrol, iníciase no mes de outubro e prolóngase ata finais do mes de xuño.

## ÁMBITO SOCIOSANITARIO

### Acompañamento na área de Saúde Mental do CHUAC

Durante o ano 2023 continuouse traballando co equipo de Traballo Social do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña (CHUAC) para acompañar a aquelas persoas que precisan apoio nalgúns aspectos da súa recuperación, por non dispoñer dunha rede familiar de soporte. Trátase en

particular de lles facilitar a realización de determinadas actividades da súa vida cotiá (saír á rúa, facer algún recado...) e/ou ofrecerlles acompañamento nelas.

## Acompañamento no Hospital Materno-Infantil Teresa Herrera

O ingreso hospitalario de menores comporta en moitas ocasións unha serie de desaxustes sociais, familiares, emocionais e educativos para as crianzas e a súa contorna. A isto cómpre sumarlle os problemas de conciliación familiar das familias monoparentais ou sen rede familiar. As persoas voluntarias da OCV visitan os nenos e as nenas de 0 a 16 anos que están no Hospital Materno-Infantil Teresa Herrera da Coruña para apoiar a quen os coida, quedar con elas e eles por pequenos espazos de tempo e normalizar o xogo no ámbito hospitalario.

## DIVERSIDADE FUNCIONAL

### Saúde Mental Ferrol, Eume e Ortegaleira

O voluntariado da OCV acode ao local da asociación naronesa para participar en distintas actividades coas persoas usuarias do Centro Ocupacional. A súa axuda prolongouse ata o verán.

### Centro Pai Menni

Na colaboración con este centro, durante 2023 fóronse retomando as actividades en que se prestaba apoio e o voluntariado foi realizando aquelas tarefas en que se requiría a súa presenza, como saídas, videoconferencias coa familia, actividades deportivas...

### Asociación Down Coruña

A colaboración con Down Coruña no ano 2023 foi puntual e limitouse a unha fin de semana en que o voluntariado da OCV participou en actividades de ocio e tempo de lecer con menores para que as súas familias puidesen asistir a un congreso internacional que se organizou na cidade da Coruña.

### Asociación Aspronaga

A colaboración coa entidade Aspronaga tamén foi puntual en 2023. Circunscribiuse a unha fin de semana en que o alumnado da UDC prestou a súa axuda na realización de actividades deportivas dentro dos campionatos de deporte adaptado que tiveron lugar na Coruña. Algunhas das persoas voluntarias tamén participaron puntualmente no club de ocio das fins de semana que Aspronaga ten para os seus socios.

## EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO

### Grupo de sensibilización da comunidade universitaria

O voluntariado que participa neste proxecto diseña materiais de sensibilización, dinámicas e xogos de carácter lúdico para intentar chamar a atención das compañeiras e dos compañeiros dos campus sobre a importancia de exercer unha cidadanía activa e actuar en defensa dos dereitos humanos e a xustiza social. No ano 2023, desenvolvéronse distintas accións nos dous campus da UDC:

- **Apoyo a Acampa: cartografía corporal dos impactos dos discursos de odio**, unha iniciativa de aprendizaxe e servizo organizada por varias profesoras da Facultade de Ciencias da Educación sobre os impactos que teñen os discursos de odio na poboación.



- **Limpeza de praias enmarcada dentro do Día Internacional da Terra xunto á organización WESUSTAINABILITY**



O grupo de sensibilización organizou unha actividade na Facultade de Ciencias da Educación para concienciar o alumnado sobre a importancia de coidar os nosos recursos naturais e animar a toda a comunidade universitaria a participar nunha limpeza de praias con Wesustainability.



- **Conmemoración do Día Mundial da Saúde Menstrual**

O Grupo de Igualdade da Facultade de Ciencias da Educación, Rompendo Regras, organizou varias actividades para conmemorar o Día Mundial da Saúde Menstrual: os obradoiros denominados «Eu poemas: poemas abertos e menstruantes» e «Elaboración de compresas»; a charla «Endometriose: a epidemia oculta»; e, por último, a exposición «Unha ollada á menstruación dende as mulleres inmigrantes».

**ROMPENDO REGLAS**

**CONMEMORACIÓN 28M  
DÍA MUNDIAL DA SAÚDE  
MENSTRUAL**



**Obradoiro "Eu poemas: poemas abertos e menstruantes"**  
Relatoras: Enma Pedreira, Inma Doval e Montserrat Muriano  
19/04 de 12:00 a 14:00 h  
Facultade de Ciencias da Educación, aula de Plástica

**Obradoiro "Elaboración de Compresas"**  
Relatoras: Proxecto Xerminando  
25/04 de 12:45 a 14:45 h.  
Facultade de Economía e Empresa, aula da Biblioteca

**Charla "Endometriose: a epidemia oculta"**  
Relatora: Verónica Ramilo  
27/04 de 13:15 a 14:15 h  
Facultade de Economía e Empresa, aula da biblioteca

**Exposición "Unha ollada a menstruación dende as mulleres inmigrantes"**  
Proxecto Punto Vermello, Fundación Juan Soñador  
24/04 ao 8/05  
Facultade de Socioloxía, espazo exposicións andar 1



- **Bulómetro sobre saúde mental**

Coincidindo co Outubro Saudable da UDC, o grupo de sensibilización fixo unha actividade na Facultade de Turismo sobre os mitos e boatos arredor das enfermidades mentais e as persoas que as padecen.

- **Inauguración oficial do mural conmemorativo dos 25 anos da OCV no campus da Zapateira**

Para celebrar os 25 anos que leva prestando os seus servizos na UDC, a OCV realizou un mural no campus da Zapateira. Inaugurouse o Día Mundial da Persoas Refuxiadas nun acto en que se leu un manifesto.



## ACTIVIDADES CON OTRAS ENTIDADES DE ACCIÓN SOCIAL

### Plataforma Coruñesa do Voluntariado (PCV)

Durante o ano 2023 a OCV tomou parte na asemblea extraordinaria e ordinaria da PCV, de cuxa xunta directiva forma parte. Así mesmo, adherímonos ás comisións de Comunicación e Igualdade de Xénero. Finalmente, cómpre notarmos que a OCV celebrou o Día Internacional do Voluntariado uníndose á campaña da PCV, xunto coas 17 entidades integrantes.

### Fundación SEUR

Seguimos a colaborar coa dita fundación na campaña solidaria de recollida de tapóns para distintas causas. Renovouse a sinatura do convenio de colaboración cara a finais de ano e os recipientes, situados en distintos edificios dos campus da Coruña, seguen enchéndose de tapóns de plástico, de xeito que a súa doazón se converte pouco a pouco nun acto cotián.

## COLABORACIÓNS NO SEO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

### Centro Universitario para a Formación e a Innovación Educativa (CUFIE)

Dentro da UDC, a OCV traballa para cooperar e coordinarse co resto de unidades e servizos con que existen liñas de traballo comúns. Así, colabórase estreitamente co CUFIE na posta en marcha e a potenciación da metodoloxía da APS na UDC, así como no asesoramento e a formación do PDI nesta materia. Así mesmo, continuouse a traballar nos III Premios a proxectos de APS.

### Unidade de Análise e Xestión de Datos da UDC (UAXD)

Durante 2023 mantivemos varias reunións de traballo co responsable da UAXD da UDC para contribuír á mellora da recollida de información nos diferentes servizos universitarios no tocante aos ODS. Así, axudamos de xeito destacado a completar os datos da clasificación THE Impact, que mide a contribución da UDC para conseguir os anteditos obxectivos.

### Oficina de Medio Ambiente (OMA)

Neste ano colaboramos coa OMA en diferentes espazos, tales como o Comité Ambiental do Green Campus Ferrol.

### Oficina para a Igualdade de Xénero (OIX)

No ano 2023, a OCV mantivo un contacto estreito e directo coa OIX para colaboraren en diferentes actividades de sensibilización, difusión e formación, así como traballaren activamente no deseño dun curso de formación para o alumnado de novo ingreso na UDC.

## Green Campus Ferrol

A OCV segue a participar activamente nas reunións do Comité Ambiental do Green Campus Ferrol, que está a contribuír decisivamente a que a UDC se atope entre as 50 mellores universidades do mundo no Green Metric. Ademais, en 2023 conseguíuse a renovación da bandeira verde do campus ferrolán.

## Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudiantado (SAPE)

Colabórase con este servizo para intercambiar información e logo difundila nas respectivas redes, tanto no campus coruñés como no ferrolán. Así mesmo, participamos moi activamente na xornada de benvinda do estudiantado que o SAPE organizou en ambos os campus. O dito servizo encárgase, ademais, de facer a oferta das dúas prazas para estudiantado bolseiro nas oficinas da OCV.

## Campus Industrial de Ferrol

Neste ano 2023, a OCV e o Campus Industrial de Ferrol organizaron conxuntamente unha exposición de proxectos de APS na UDC, que recolleu aqueles levados a cabo con entidades da contorna ferrolá.

## UDC Saudable

A OCV pertence á Comisión Técnica do Campus UDC=Universidade Saudable, en que participa activamente con diferentes propostas sobre a elaboración de recursos ou a celebración do Día das Universidades Saudables, entre outras accións. En 2023, participou con actividades planificadas que achegaron contidos ao Outono Saudable e que tiveron lugar na Facultade de Turismo da Coruña.

## Grupo Espallar

Continuamos co traballo no Grupo Espallar, con diversas actividades de sensibilización e a colaborarmos coas Facultades de Ciencias da Educación e Ciencias.

## ONGD presentes na UDC

Na OCV temos un forte compromiso de colaboración coas ONGD presentes na UDC: Enxeñaría Sen Fronteiras, Arquitectura Sen Fronteiras e Solidariedade Internacional Galicia, tal e como vimos en apartados anteriores. Mantemos estreitos lazos con elas e traballamos conxuntamente en iniciativas que redundan na promoción da cooperación e a EPD, tanto dentro da comunidade universitaria como no conxunto da sociedade en xeral. Cabe mencionarmos a nosa colaboración coas ONGD no grupo Artigo9tech, de que falaremos algo máis polo miúdo máis adiante.

## 0

# APRENDIZAXE E SERVIZO

## 4


A aprendizaxe e servizo é unha proposta educativa que combina procesos de aprendizaxe e de servizo comunitario nun proxecto ben articulado, onde as e os participantes aprenden a traballar en necesidades reais da contorna, co fin de melloralas.

En suma, a aprendizaxe e servizo é un método para unir o compromiso social para a aprendizaxe de coñecementos, habilidades, actitudes e valores. Aprende a ser competente para ser útil a outras persoas.

No ano 2023, xunto co CUFIE e a Cátedra de Sustentabilidade Hijos de Rivera-UDC, organizouse a III Convocatoria de premios a proxectos de innovación docente en aprendizaxe e servizo, á cal se presentaron 15 proxectos certificados nas dúas últimas convocatorias nestas tres modalidades: desigualdade, diversidade e sustentabilidade. O xurado tivo catro membros: unha persoa en representación da Cátedra de Sustentabilidade, un PDI da USC do grupo Esculca, unha PDI da UVigo e unha persoa de entidades sociais. A entrega dos premios realizouse na Reitoría da UDC e asistiron tanto o PDI galardoado como as entidades colaboradoras.



Do 16 ao 22 de marzo de 2023 tamén se realizou unha exposición coa colaboración do Campus Industrial de Ferrol, sobre os proxectos de APS desenvolvidos por profesorado dese campus. Por último, a Comisión de Valoración dos proxectos de APS certificou no mes de novembro 33 novos proxectos (modalidade A) e 16 proxectos consolidados (modalidade B), alén de aprobar tres proxectos máis no marco de títulos propios (modalidade C).



# 0 FORMACIÓN

A formación é considerada como unha das principais liñas estratéxicas de traballo da OCV. Preténdese que as accións que realiza o noso voluntariado sexan de calidade, polo que cando unha persoa decide implicarse nalgún programa debe realizar un curso básico encamiñado a que coñeza os seus dereitos, os seus deberes e os aspectos xerais relacionados co labor que levará a cabo. Amais desta formación inicial básica, promóvese a formación continua nos aspectos específicos que se vinculan a cada programa, como por exemplo o voluntariado con maiores ou os primeiros auxilios.

No ano 2023, dúas das nosas xornadas con máis percorrido celebráronse de xeito presencial.

A seguir damos conta do conxunto das actividades formativas realizadas e do número de persoas participantes.

## ASISTENTES A CURSOS DE FORMACIÓN NO ANO 2023





## OUTRAS ACTIVIDADES FORMATIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN

Ademais dos cursos e seminarios de formación programados, en 2023 deseñamos e botamos a andar máis actividades que tiveron como obxectivo formar, informar e sensibilizar a comunidade universitaria e o resto da sociedade sobre cuestións de interese para a nosa misión na UDC. Así mesmo, o persoal da OCV participou noutras actividades de interese.



- **Xornada de Benvida á UDC 2023.** A devandita xornada realizouse de novo de xeito presencial e foi un grande éxito de asistencia nos campus da Coruña e Ferrol, con centos de estudantes que se interesaron polas propostas da OCV.
- **I Xornada Científica Internacional sobre Resultados de Proxectos de Vinculación organizada pola Universidade Estatal da Península de Santa Elena (UPSE), Ecuador.** A OCV presentou a convocatoria de certificación dos proxectos de APS e deu a coñecer como trata de garantir o tratamento transversal dos ODS na UDC.
- **Xornada de formación virtual da OCUD-DGPOLDES** Participouse na formación en EpD e refuxio que ofertaron o Observatorio de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento e a Dirección Xeral de Políticas de Desenvolvemento Sostible do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación.
- **Traballando en rede!, xornadas sobre voluntariado.** En 2023, o Concello de Ferrol convidounos a participar na organización das xornadas Traballando en rede!, onde tamén interviñemos co relatorio titulado «Sensibilización en educación para a cidadanía global. Unha boa práctica en materia de voluntariado universitario».
- **Xornada sobre Voluntariado. Falemos de Solidariedade.** Esta xornada, que tivo lugar no campus de Ferrol, foi organizada pola Asociación Sociocultural ASCM, con que colaboramos de forma estreita. Así, convidóusenos a participar nunha mesa redonda sobre os proxectos de voluntariado que desenvolve a delegación da OCV no campus de Ferrol.
- **Encontro virtual: «A evolución da solidariedade nunha sociedade pospandémica».** Participouse nesta xornada auspiciada pola Plataforma do Voluntariado de España e a Fundación Pere Tarrés, co apoio de La Volunteca.
- **IV Xornada de Tecnoloxía para o Ben Común.** Concorremos a esta xornada organizada pola rede interuniversitaria Artigo9tech, de que forman parte algúns dos integrantes da OCV. O seu obxectivo foi fomentar as iniciativas compartidas no ámbito da tecnoloxía (en sentido amplo, aínda con particular incidencia na enxeñaría e a arquitectura) aplicada ao contexto da cooperación para o desenvolvemento.


## PARTICIPACIÓN EN REDES

### Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD)



Asinouse un novo convenio coa Xunta de Galicia con carácter bianual por un importe de 100 000 €, a repartir entre as tres universidades do SUG, que permitiron botar a andar por medio da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento diversas propostas, entre as cales salienta a continuidade da convocatoria do Concurso de Vídeos Móvete polos ODS, que en 2023 viu a terceira edición. Houbo unha gran participación do alumnado das universidades galegas e algúns vídeos mesmo alcanzaron máis de vinte mil visualizacións.

Ademais, organizáronse varias formacións ao longo do ano, con cursos tales como o de Metodoloxía do Enfoque do Marco Lóxico, que se desenvolveu nun formato híbrido durante os meses de novembro e decembro; e o de Captación de Recursos Financeiros no Eido da Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento, que tivo lugar os días 13, 20, 27 de abril e 4 de maio en liña.



No marco das actividades da RGCUD, entre os días 10 e 12 de maio tivo lugar a Semana Galega da Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento, que remataría na Facultade de Economía e Empresa da UDC.

**Semana Galega da COOPERACIÓN UNIVERSITARIA AO DESENVOLVEMENTO**

3 xornadas en 3 sedes distintas

9/05/2023  
**Alianzas**  
Universidade de Vigo

10/05/2023  
**A Universidade creando conciencia**  
Universidade de Santiago de Compostela

11/05/2023  
**As persoas**  
Universidade da Coruña

Inscripcións a partires do día 12 de abril  
<https://bit.ly/inscripcion-Semana-Galega-CUD>

Modalidade presencial con retransmisión telemática

Contacta coas universidades organizadoras:  
direc. egad@uvigo.es  
sepiu.santiago@usc.gal  
ocvfer@udc.es

9-11 de maio de 2023

COOPERACIÓN GALEGA RGCUD USC UNIVERSIDADE DA CORUÑA Universidade de Vigo





## Artigo9tech

Dentro desta rede de investigación, estivemos a participar nun proxecto de Enxeñaría Sen Fronteiras Galicia denominado «Tecnoloxía ao servizo do ben común, da cidadanía global e da inclusión desde escolas técnicas da universidade galega», financiado pola convocatoria de accións de EpD.

## Rede Galega de Educacións en Prisión (REGAEP)

A OCV asinou en 2023 o compromiso de adhesión á REGAEP. Así mesmo, aceptou intervir na Comisión de Formación da devandita rede para organizar os eventos formativos para o ano 2024.

## Rede Española de Estudos de Desenvolvemento (REEDES)

A OCV, a través da RGCUD, renovou a súa pertenza á REEDES e seguiu a difundir as convocatorias, os artigos e as propostas desta rede académica, interdisciplinar, especializada na investigación e a docencia en materia de desenvolvemento e cooperación internacional.

## SINERXÍAS CON OUTRAS UNIVERSIDADES

### Universidade de Vigo (UVigo)

Unha vez retomado o convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e as tres universidades do SUG no tocante á RGCUD para o bienio 2022/23, continuamos a traballar coordinadamente coa UVigo na posta en marcha e execución das actividades conxuntas que inclúe.

### Universidade de Santiago de Compostela (USC)

Pola mesma razón que no caso anterior, o traballo de coordinación coa USC en materia de cooperación universitaria para o desenvolvemento é un feito necesario.

## Participación nos grupos de traballo da Conferencia de Reitores/as das Universidades Españolas

A OCV intervén activamente nas reunións e os grupos de traballo da CRUE, en particular na Subcomisión de Traballo sobre Persoas Refuxiadas. En 2023 participamos na XIX Xornadas de CRUE-Internacionalización e Cooperación.

## COMUNICACIÓN

Seguimos a actualizar diariamente e a mellorar os contidos publicados na nosa páxina web e as redes sociais en que temos perfil: Facebook, Instagram, Twitter, YouTube e Mailchimp.

### Páxina web propia

É unha das principais vías de difusión externa das nosas iniciativas. Nela informamos sobre todas as actividades da OCV e poñemos á disposición das persoas usuarias documentos de interese ou ligazóns ás páxinas web doutras institucións ou organizacións. Así mesmo, na nosa páxina web pode facerse a preinscrición nas distintas accións formativas programadas ao longo do curso académico.

Outra das vías de comunicación externa da OCV, que se utiliza puntualmente cando a necesidade de proxección exterior da nova así o require, é a páxina web principal da UDC: <[www.udc.gal](http://www.udc.gal)>.

### Intranet

Dentro da UDC, contamos tamén con outros medios propios de difusión, como é o caso das bases de datos de voluntariado e ONGD que manexamos, ou dos grupos de correo de persoas interesadas en recibiren información sobre cursos e conferencias relacionados coa cooperación para o desenvolvemento e co voluntariado social. Por tanto, o envío de información a través do correo electrónico é unha das nosas principais vías de comunicación.

### Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD)

Desde que botou a andar a web da RGCUD, converteuse nun recurso máis para lles dar publicidade ás actividades da OCV en materia de cooperación e educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, que recolle ademais o Observatorio da Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento (OCUD) da CRUE. Ao publicar na súa web as nosas novas, amplían enormemente a difusión do noso traballo.

### Redes sociais

A OCV mantén activas as seguintes redes sociais: Facebook, con preto de 780 persoas seareiras; Instagram, con 1073; YouTube, con 28 subscritoras, e Twitter, con case 100 seareiras.

### Boletín informativo

O Boletín Informativo da OCV vai dirixido ao noso voluntariado en activo e aquelas persoas que formaron parte da organización, así como a outras entidades que se sumaron como subscritoras. Ao remate do ano, atinximos os 695 contactos, dos cales 624 son persoas subscritoras que recibían información cada mes, nun formato adaptado á súa lectura nos teléfonos intelixentes.

## Taboleiros de anuncios

A OCV dispón de taboleiros de anuncios nos dous espazos físicos das oficinas da Coruña e Ferrol, en que a promoción das súas actividades se realiza por medio de trípticos e carteis, os cales tamén son repartidos no resto dos centros dos respectivos campus.

## Mapa de recursos universitarios para persoas refuxiadas

A OCV elaborou un mapa en que se localizan as universidades españolas que teñen bolsas ou axudas económicas para facilitar a integración das persoas refuxiadas na educación superior. Pode consultarse no seguinte enderezo web: <[emapic.es/custom/ocv-acciones-refugio/results](http://emapic.es/custom/ocv-acciones-refugio/results)>.

## Xuntanzas periódicas

O persoal técnico da entidade réunese puntualmente coas persoas coordinadoras dos distintos programas de voluntariado en funcionamento para coñecer como están a desenvolverse e poder facer os axustes pertinentes, no caso de seren necesarios. Tamén realiza continuas visitas ás entidades con que realiza actividades en convenio para o seu seguimento conxunto, ou ben recibe a quen as representa en calquera das oficinas de que dispón nos campus da Coruña e Ferrol. De igual xeito, o persoal técnico e a dirección da OCV reúnense diariamente de forma virtual para facer o seguimento do traballo.

## Medios de comunicación

Nalgunhas ocasións as actividades desenvolvidas pola OCV son recollidas en distintos medios de comunicación, sobre todo na prensa escrita, mais tamén puntualmente en televisións locais e radios, o que supón un importante pulo para a difusión das nosas propostas. Puntualmente, cando a importancia da actividade ou o evento así o require, enviamos notas de prensa para a difusión masiva na web principal da UDC e os medios de comunicación. Tamén para o Campus Industrial de Ferrol. En 2023 cabe salientarmos a entrevista que nos fixeron na delegación da COPE de Ferrol para falar do traballo da OCV no campus e as posibilidades que ofrece de participación.

Tipografías empregadas

Calibri Light, tamaño 10, 12 e 37

Calibri Bold, tamaño 16 e 18

Futura Lt Bt, tamaño 16 e 60

Cores principais empregadas

Vermello: RGB 231, 48, 43 | HEX #ea5340

Azul/turquesa: RGB 97, 182, 175 | HEX #61b6af

Gris: RGB 87, 87, 87 | HEX #575756

Gris: RGB 178, 178, 178 | HEX #b2b2b2